


# Transicións na agricultura e a sociedade rural

II Congreso Intercontinental  
Transruralhistory Compostela2018  
XVI SEHA e VII RuralReport



## Presentación

A temática central deste II Congreso son as *Transicións na agricultura e na sociedade rural*. Sobre este eixo inténtase dar continuidade ao enfoque dunha historia rural transnacional e transcidental e contribuír o desafío de crear un espazo global de debate sobre a Historia Rural. Construimos un espazo aberto que, superando fronteiras disciplinares, cronolóxicas y espaciais, recolla os retos do mundo rural do presente e as respostas que dende a Historia Rural están ofrecendo nos últimos tempos.


<https://transruralhistorycompostela.wordpress.com/>

SEHA e Rural RePort afrontan os retos globais da investigación en Historia Rural coa organización dun novo congreso en **Santiago de Compostela (20-23 de Xuño de 2018)**, cun amplo programa no que recibirán especial atención a paisaxe, os recursos naturais ou a sustentabilidade dos mesmos en 4 sesións plenarias, 39 sesións paralelas e 530 comunicacións.

Esta **II edición do Congreso “Desafíos Globais da Historia Rural”**, centrado nas perspectivas transcendentais, terá un notable impacto internacional. Actualmente contamos con arredor duns 700 participantes inscritos, procedentes de 34 países distintos. Ós case 300 investigadores ibéricos súmanse cen máis procedentes doutros 15 países europeos. O continente americano terá tamén unha grande presenza coa participación duns 300 investigadores procedentes de 14 países (destacan os brasileiros, argentinos e mexicanos) e contamos tamén con asistentes asiáticos e africanos.

Outros indicadores que permiten medir o impacto que terá este II Congreso teñen que ver coa súa visibilidade na rede, tanto a través da súa propia web como a través da promoción do mesmo noutras.

Dende que foi habilitada en Novembro de 2016 a web <https://transruralhistorycompostela.wordpress.com/> recibiu un total de 22.500 visitas procedentes duns 70 países distintos, como nos amosa o seguinte mapa, o cal permite dar unha idea do impacto publicitario que para os posibles patrocinadores podería ter ser citado na web.



Respecto da difusión do evento noutras plataformas web podemos sinalar a súa promoción por parte de importantes institucións internacionais como a European Rural History Organization (EURHO), a Associação Portuguesa de Historia Económica e Social (APHES), Plataforma 9, a British Agricultural History Society, o Centre de recherches Historiques (CRH), a Associação brasileira de pesquisadores em história económica, a Rede portuguesa de historia ambiental (REPORT(H)A) ou o Dinur Center for Research in Jewish History; pero tamén por parte de institucións nacionais do sector tales como a Federación Española de Sociología (FES), a Organización Colegial Veterinaria Española (OCV), a Fundación Española de Historia Moderna, a Red Aragonesa de Desarrollo Rural ou a Red de archivos e investigadores de la escritura popular (AIEP) entre outras.

## Organizadores



A **Sociedad de Estudios de Historia Agraria**. Asociación científica intercontinental no ámbito luso-hispánico. Os seus fins son fomentar a investigación, o intercambio de opinións, e a divulgación do coñecemento científico referentes á historia agraria e á economía e sociedade rural, dende unha perspectiva interdisciplinaria.

Publica a Revista de *Historia Agraria* e a colección *Monografías de la SEHA*. Desempeña un papel moi activo na renovación historiográfica española, sendo un espazo para o intercambio entre historiadores, xeógrafos, sociólogos, economistas e enxeñeiros dedicados ó mundo rural.



A **Rural RePort** é unha rede de contactos que congrega a todos os académicos interesados na Historia Rural que traballan en Portugal, onde ten a súa sé, e noutros países de fala portuguesa. O seu obxectivo é ser un espazo de intercambio de información acerca de actividades e proxectos relacionados coa historia rural e outras aproximacións disciplinares ós estudos rurais.

A pesar de ter un ámbito xeográfico que deliberadamente se estende máis aló de Portugal e Europa, constitúe tamén a sección portuguesa da EURHO (European Rural History Organization), fundada en Setembro de 2010

Un dos fitos máis destacables do **I Congreso Internacional** (Lisboa, 2016) organizado de xeito conxunto pola SEHA e o Rural RePort foi a definición dun espazo para estreitar lazos na construción dunha **Sociedade Intercontinental de Estudos Rurais**. Naquel congreso xa participaron máis de 300 especialistas no mundo rural de distintas disciplinas procedentes de 30 países.

## Comité Organizador

Lourenzo Fernández Prieto, USC; Daniel Lanero Táboas, USC; José Vicente Serrão, ISCTE-IUL; María del Carmen Espido Bello, USC; Miguel Cabo Villaverde, USC

